



PROGRAMA URBANA NORTE

CÓDIGO DE ÁREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN

7 ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE

USN-72-200 **Reurbanización da Rúa Caramoniña  
ÁMBITO DA RÚA CARAMONIÑA E DO ESPAZO LIBRE DO  
EQUIPAMENTO ASD-26**

O obxectivo fundamental da intervención proposta é a mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio da Alameda na súa vertente sur, é dicir, da súa conexión cos barrios limítrofes de San Pedro e San Roque, actuando nun punto moi particular onde o crecemento "inconeexo" da cidade na segunda metade do século pasado produce unha clara "rotura" na súa percepción e discurso.

Así, o obxectivo concreto e o de dotar dun tránsito, o mais accesible posible, polo espazo libre do equipamento público asistencial ASD\_26 atravesando este ata a propia rúa Caramoniña que desemboca na rúa Valle Inclán á altura do CGAC.

A operación pretende tamén incorporar á cidade o espazo libre do equipamento público asistencial ASD\_26. O ámbito afectado pola intervención da rúa Caramoniña chega só á altura do acceso inferior directo do espazo libre interior do equipamento ASD-26 dende a dársena de autobuses de Valle Inclán:

A superficie afectada é de 2.650 m<sup>2</sup>.

- 1 Equipamento asistencial ASD\_26. 1.900 m<sup>2</sup>  
Pertence ó ámbito da Cidade Histórica.  
Corresponden esta zona a un solar pechado cunha características espaciais, arquitectónicas e paisaxistas moi interesantes: perímetro murado de pedra con pequenas construcións tradicionais asociadas, importante diferenza de cota entre os seus extremos de sur e norte, gran superficie libre de edificación.  
Está pendente do seu desenvolvemento como equipamento asistencial.
- 2 Rúa de Caramoniña. 750 m<sup>2</sup>  
Pertence ó ámbito da Cidade Histórica.  
Tramo inicial dunha rúa cunhas características espaciais moi particulares e interesantes, cunha riqueza etnográfica significativa: potente muro de pedra lateral, pavimentos históricos, canles e depósitos de decantación (elementos tradicionais relacionados ca arquitectura de auga), etc.

PROXECTO

Elizabeth Ábalo E Gonzalo Alonso, arquitectos

ORZAMENTO DE CONTRATA (con IVE)

**330.756,00 €**

Total contrata

PRAZO DE EXECUCIÓN

ACTUACIÓN

rúa CARAMONIÑA e equipamento ASD-26

